# PREGO DE PRESCRIPCIONS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE FONTIÑAS

## *1. OBXECTO*

O Concello de Santiago de Compostela é titular dun inmoble situado na rúa das Fontes do Sar número 1, destinado á prestación do Servizo Público de Escola Infantil, con número de identificación na Xunta de Galicia F-00548-003.

O obxecto deste prego é a xestión do servizo da Escola Infantil Municipal das Fontiñas que se prestará no citado inmoble e que comprende a atención total de nenos e nenas escolarizados nela, tanto nos aspectos educativos que entran dentro das competencias do que a Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) define como primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da Escola, e a xestión e administración do centro baixo coa coordinación do Departamento de Educación e Mocidade, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas.

Atenderá progresivamente o desenvolvemento afectivo, o movemento e os hábitos de control corporal, as manifestacións da comunicación e da linguaxe, as pautas elementais de convivencia e relación social, así como o descubrimento das características físicas e sociais do medio no que viven, facilitando que nenos e nenas elaboren una imaxe positiva e equilibrada de si mesmos e que adquiran autonomía persoal.

O/a concesionario/a cumprirá cantos acordos, convenios, etc, asine o Concello de Santiago de Compostela en calquera aspecto que teña que ver co modelo de escola infantil, sempre que non supoña un custe adicional para o/a adxudicatario.

Os cambios na normativa vixente serán de obrigado cumprimento para a empresa adxudicataria, aínda que supoñan un custo adicional sempre e cando non alteren o equilibrio económico financeiro da concesión.

O servizo da Escola Infantil Municipal de Fontiñas adaptarase ao estabelecido polo Regulamento da escola infantil municipal de Conxo, aprobado polo Pleno da corporación municipal na sesión ordinaria do 29 de abril de 2004, e publicado integro no BOP número 184 o día 11 de agosto de 2004, en tanto non se aprobe un regulamento propio.

O concesionario prestará diariamente o servizo de comedor e colaborará cos programas que desenvolva e nos que participe o Concello, referidos ao obxecto do contrato e aos usuarios/as do centro.

O Centro ten unha capacidade máxima de 61 alumnos en presencia simultánea.

Os usuarios/as do centro deberán estar empadroados en Santiago de Compostela.

O centro prestará servizo, como mínimo, cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, en horario de 7.30 a 20.30 horas.

## 2. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

### 2.1. PERSOAL DO SERVIZO.

A empresa adxudicataria deberá dispoñer en todo momento de persoal suficiente para a prestación do servizo. Axustándose ao que se estabeleza neste prego de condicións e ao que indique a normativa vixente, como mínimo disporase do seguinte persoal:

5 Persoas como persoal de atención, dedicado a funcións educativas e de atención directa aos/ás nenos/as que deberán estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Licenciado/a en pedagoxía ou psicopedagoxía.
- Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.
- Técnico superior en educación infantil ou equivalente.

A dirección pedagóxica do centro poderá recaer nalgún dos membros do persoal coa titulación de licenciado/a ou mestre/a especialista en educación infantil

2 Persoas como persoal de apoio á atención e coidado dos/das nenos/as que deberán estar en posesión dalgunha das titulacións anteriores ou das seguintes titulacións:

- Técnico en atención sociosanitaria,
- Técnico superior en animación sociocultural,
- Técnico en coidados auxiliares de enfermaría,
- Diplomado/a en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade, ou aquelas outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.

1 cociñeiro/a.

Polo menos o 50% do persoal deberá estar contratado a xornada completa.

O persoal contratado polo/a adxudicatario/a do servizo estará en posesión da titulación correspondente.

O persoal que preste servizo na escola infantil, en calquera das funcións, terá que estar cualificado para realizar os seu traballo en lingua galega.

A empresa adxudicataria deberá poñer en coñecemento do Concello de Santiago de Compostela as variacións que experimente o persoal afecto ao servizo nun prazo máximo dun mes, ao longo do contrato cada vez que se produza esa situación, Deberá manter o mesmo persoal ao longo de todo o curso e, dun curso a outro só se poderá modificar menos da metade do cadro. En todo caso, calquera substitución deberá contar cunha xustificación motivada.

A contratación do persoal necesario por parte da empresa adxudicataria poderá realizarse por calquera das modalidades previstas na normativa laboral e nos convenios vixentes nos respectivos sectores de actividade.

En ningún caso, tales relacións laborais suporán dependencia directa do persoal afecto ao servizo respecto do Concello de Santiago de Compostela.

A empresa adxudicataria participará no proceso de matrícula, facéndose cargo daqueles procedementos que se indiquen oportunamente polo Concello a través do Servizo Municipal de Educación.

## 2.2. RECURSOS MATERIAIS

O Concello de Santiago proporciona as instalacións necesarias do inmoble que se especifica, habilitadas para o correcto funcionamento do servizo.

### MATERIAIS E EQUIPAMENTO DIDÁCTICO

O Concello achega a dotación correspondente para o desenvolvemento do servizo que se especifica no **Anexo I,** correspondéndolle á empresa adxudicataria completala para executar as actividades propostas no proxecto.

O persoal adscrito ao servizo responderá do bo uso das instalacións, dos equipamentos e do material educativo cedido polo Concello, correspondéndolle á empresa adxudicataria asumir aqueles gastos non imputados neste prego ao Concello de Santiago de Compostela.

Correrán por conta do Concello os gastos que se detallan a seguir, polos seguintes conceptos:

a. Obras de reforma, ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo do inmoble.
b. Obras de reparación necesarias para arranxar un dano producido no inmoble por causas fortuítas ou accidentais, cando afecten fundamentalmente á estructura ou ao funcionamento do servizo.
c. Obras de conservación para arranxar o deterioro do inmoble polo seu uso natural.
d. Gastos referentes á seguridade xeral do centro (alarmas, extintores...).
e. Dotación de materiais necesarios para a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación do servizo.
f. Gastos das actividades de carácter xeral que teñan que ver coa promoción ou difusión da Escola Infantil Municipal de Fontiñas.
g. Correrá por conta do Concello de Santiago de Compostela os gastos da liña telefónica, a disposición do concesionario como terminal da centraliña municipal.

## 3. PRAZO DE EXECUCIÓN DO SERVIZO

O contrato terá unha duración inicial de 4 anos, a contar desde a data da súa formalización.

O contrato poderá prorrogarse mediante o mútuo acordo das partes expresado antes da finalización da vixencia inicial, segundo o establecido no Prego de cláusulas administrativas.

## 4. SEGUIMENTO DO CONTRATO

O Concello de Santiago de Compostela realizará, a través do Departamento de Educación, o seguimento do contrato, solicitando á empresa adxudicataria cantos documentos e informes resulten necesarios para o seu control. Así como para o control de materiais, profesorado, alumnado, horario e servizos que deberán axustarse á oferta e ao indicado neste prego de condicións.

A empresa terá que prestar o servizo de acordo co proxecto educativo que finalmente se aprobe.

O servizo, en todas as súas manifestacións, orais e escritas, educativas, de coidado, de xestión, de información, entre outras, terá que prestarse en lingua galega.

A empresa adxudicataria deberá presentar anualmente unha memoria de actividades, gastos e ingresos, así como a programación do curso seguinte e calquera outro documento que se solicite para a actualización do proxecto educativo e de xestión do centro.

## 5. ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN

As ofertas incluirán:

- Un **Proxecto educativo e de xestión**, que se presentará obrigatoriamente coa seguinte estrutura e epígrafes:

**I. Análise do contexto.**

**a. Características do centro.**

- Titularidade e financiamento.
- Número de unidades.
- Situación xeográfica.
- Descrición breve das instalacións.
- Servizos que se ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos
- Proxección social do centro na zona.
- Relación coas familias.
- Recursos e materiais.
- Calendario e organización do horario.

**b. Características do alumnado.**

- Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos.
- Características das familias.
- Tipo de relacións entre o alumnado.
- Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta.

- Procedementos de información ás familias.

**c. Características do persoal que traballará no centro.**

- Numero e funcións.
- Formación.
- Forma de traballar.
- Distribución das tarefas.
- Mecanismos de información entre o persoal.
- Mecanismos de formación do persoal
- Criterios que se seguen para a distribución do alumnado.
- Criterios de avaliación

**d. Características do contorno.**

- Situación.
- Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas.
- Lingua empregada.
- Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas.
- Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno.
- Relación con outros centros.
- Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural.

**II. Definición da escola.**

- Confesionalidade da escola.
- Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística
- Liña metodolóxica.
- Coeducación: a educación para a igualdade.
- Colaboración cos pais e nais.

**III. Obxectivos.**

a. Pedagóxicos
b. Administrativos
c. Organizativos.
d. Institucionais.
e. Lingüísticos.

**IV. Programas de actividades**

a. Relacións coa comunidade. Desenvolvemento e aspectos educativos das saídas.
b. Con pais e nais.
c. De inserción no territorio.
d. Normalización lingüística.
e. Coeducación: a educación para a igualdade.
f. Aplicación de novas tecnoloxías
g. Temporalización.

**V. Estrutura organizativa.**

Organización do centro para o logro dos obxectivos.

- Órganos unipersoais e colexiados.

- Asignación de educadores aos grupos.
- Número de educadores por grupo.
- A dimensión do grupo.
- A composición do grupo.
- A titoría na escola infantil.
- A utilización dos espazos escolares.
- O equipamento e os recursos necesarios para a execución de a oferta presentada

▪ Unha **proxección económica e orzamentaria** que demostre a viabilidade económica do proxecto presentado pola entidade concursante e que se presentará obrigatoriamente coa seguinte estructura e epígrafes:

I. Ingresos previstos:
   a. Taxas de matrícula
   b. Taxas educativas
   c. Taxas de manutención
   d. Taxas por outros servizos ofertados
   e. Achega do Concello
   f. Achega da Comunidade Autónoma
   g. Achega da Deputación
   h. Outros ingresos

II. Gastos previstos para o funcionamento da EI
   a. Gastos de persoal:(Retribucións, Seguridade social e outros custos non retributivos)
   b. Gastos de pólizas de seguro
   c. Gastos de alimentación.
   d. Gastos de prestacións doutros servizos.
   e. Gastos de equipamento e materiais
   f. Gastos de mantemento
   g. Gastos de actividades
   h. Outros gastos

# ANEXO I
# MOBILIARIO

**MOBILIARIO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DAS FONTIÑAS**

## AULA DE BEBÉS

| ***CANTIDADE*** | ***MATERIAL/ EQUIPAMIENTO*** |
|---|---|
| *5* | *Estanterias 90x45x100 con rodas, frenos e 2 estantes fixos* |
| 1 | Estantería branca (dormitorio) |
| *1* | *Estanteria baixo fregaderio* |
| *1* | *Expendedor dosificador de papel para toallitas plegadas* |
| *1* | *Expendedor dosificador de xabón* |
| *1* | *Mesa nido de 80 cm de diámetro con tapa* |
| *17* | *Sabas cunas baixeiras* |
| *15* | *Sabas cuna encimeiras* |
| *1* | *Quenta biberóns ultrarápido con parada automática* |
| *1* | *Termo de 1 litro* |
| *1* | *Parque bebé* |
| *6* | *Hamacas tumbonas balacín* |
| *1* | *Columpio balancín musical* |
| *1* | *Caixonera 5 caixons con rodas* |
| *1* | *Toalleiro* |
| *1* | *Radiador estufa eléctrica* |
| *1* | *Papeleira con pedal* |
| *1* | *Contenedor de pañais* |
| *2* | *Percheiros de parede con 10 colgadores* |
| *6* | *Cunas de madeira* |
| *6* | *Tronas* |
| *1* | *Cadeira de paseo Chicco* |
| *1* | *Moble cambiador 180x60x90 con rodas* |

## AULA 1-2

| ***CANTIDADE*** | ***MATERIAL/ EQUIPAMIENTO*** |
|---|---|
| *5* | *Estantes baño melanina* |
| *1* | *Reproductor  cd con cassete e radio* |
| *1* | *Expendedor dosificador de papel para toallitas plegadas* |
| *1* | *Contenedor de pañais* |
| *1* | *Papeleira con pedal* |
| *2* | *Macetas rectangulares* |
| 1 | Mueble 8 caixóns con rodas para material |
| *1* | *Ventilador cores teito* |
| *2* | *Percheiros de parede con casilleiro (10casillas e colgadores)* |
| *2* | *Mesas semicirculares 120x60x50* |
| *1* | *Colchoneta de cambio* |
| 1 | *Moble cambiador 180x60x90 con rodas* |

**AULA 2-3**

| CANTIDADE | MATERIAL/ EQUIPAMIENTO |
|---|---|
| 1 | Espello 96x66 de vidro securizado e con marco de aluminio |
| 2 | Mobles estanterias con caixóns, 8 recipientes e rodas |
| 1 | Ventilador |
| 1 | moble con estantes e portas para material |
| 1 | Reproductor  cd con cassete e radio |
| 1 | Papeleira con pedal |
| 1 | Mesa rectangular 120x60x50 |
| 2 | Mesas semicirculares 120x60x50 |
| 1 | Contenedor de pañais |
| 1 | Moble cambiador 180x60x90 con rodas |

**AULA 2-3**

| CANTIDADE | MATERIAL/ EQUIPAMIENTO |
|---|---|
| 1 | Moble con estantes |
| 1 | Moble con 2 portas, estantes e 4 bandexas para material |
| 1 | Moble estantería revisteiro con rodas |
| 2 | Mobles 92x105x41 con 12 gavetas |
| 1 | Torre de libros con rodas |
| 1 | Papeleira negra de plástico 18 litros |
| 1 | Reproductor  cd con cassete e radio |
| 1 | Moble con 15 recipientes para mudas |
| 8 | Bandexas clasificación material |
| 1 | Cestas rexilla portamaterial |
| 2 | Mesa rectangular 120x60x50 |
| 8 | Mesas semicirculares 120x60x50 |
| 1 | Contenedor de pañais |
| 2 | Mobles con bandexas para as mudas |
| 1 | Moble con estantes 143x83x41 con dúas portas baixas |
| 2 | Estantes parede (85x30) |
| 2 | Estante parede (45x36) |
| 1 | Estanteria 4 estantes 143x83x41 |
| 1 | Reproductor  cd con cassete e radio |
| 1 | Armario para gardar disfraces  con espello irrompible e barra para perchas |
| 1 | Mesa rectangular 120x60x50 |
| 4 | Mesas semicirculares 120x60x50 |

**MATERIAIS DIDÁCTICOS E MOBILIARIO PARA ESPAZOS COMÚNS**
**ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DAS FONTIÑAS**

| CANTIDADE | MATERIAL/ EQUIPAMIENTO |
|---|---|
| 2 | Papeleiras de 18 litros |
| 2 | Dispensadores de papel para toallas plegadas e engarzadas |
| 2 | Carteis indicativos saidas emerxencia |



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

| | |
|---|---|
| *1* | *Carteis indicativos dos extintores* |
| *50* | *Cadeiras (para repartir entre comedor e aulas)* |
| *30* | *Camiñas apilables* |
| *5* | *Mesas de comedor 120x70x50* |
| *2* | *Moble para gardar as camiñas apilables* |

**ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN**

| ***CANTIDADE*** | ***MATERIAL/ EQUIPAMIENTO*** |
|---|---|
| *1* | *Armario con portas 143x83x41* |
| *1* | *Estanteria 5 baldas 143x83x41* |
| *2* | *Taboleiro de cortiza 150x100* |
| *2* | *Papeleiras 18 litros* |
| *1* | *Armario con estantes e clasificador 143x83x41* |
| *1* | *Armario con duas portas enteriras e estantes 143x83x41* |
| *1* | *Fotocopiadora  de sobremesa* |
| *2* | *Mesas despacho 180x80x73* |
| *2* | *Sillas despacho xiratorias* |
| *4* | *Sillas confidente* |
| *1* | *Fax con telefono integrado* |

**SALA DO PROFESORADO**

| ***CANTIDADE*** | ***MATERIAL/ EQUIPAMIENTO*** |
|---|---|
| *1* | *Módulo de taquillas 6 portas 120x50x196* |
| *2* | *Papeleiras 18 litros* |
| *1* | *Mesa reunións 230x110x75* |
| *6* | *Sillas confidente* |
| *1* | *Armario con estantes 80x40x210* |
| *1* | *Taboleiro de corcho 150x100* |
| *1* | *Estanteria 5 baldas 80x40x210* |

## EQUIPAMENTO DA COCIÑA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DAS FONTIÑAS

| ***CANTIDADE*** | ***MATERIAL/ EQUIPAMIENTO*** |
|---|---|
| 1 | Campa extractora mural M-2400 |
| 1 | Cociña eléctrica con forno Zanussi PCFE700 |
| 1 | Frigorífico conxelador Zanussi ASF110 |
| 1 | Moble fregadeiro especial en acero inox M-1200 |
| 1 | Freidora eléctrica Zanussi PFRE381 |
| 1 | FrigoríficoZanussi ASN110 |
| 1 | Fry-top eléctrico plancha lisa Zanussi PREV700 |
| 2 | Grifo palanca en fregadeiro Zanussi RB34G |
| 1 | Lavalouza baixo-mostrador con bomba de descarga Zanussi LS6EP |
| 1 | Estantería de acero inox CL-93 |
| 1 | Estantería de acero inox CL-149 |
| 1 | Microondas Sanyo EM-S1055G |
| 2 | Sifón para fregadeiro Zanussi SP2 |
| 1 | Estante de parede con soporte MS164 |
| 1 | Estante de parede con soporte MS104 |
| 1 | Base neutra Zanussi PV350 |
| 1 | Elemento neutro Zanussi PN350 |
| 1 | Tapa de aceiro inox M-200 |

## MATERIAL DIDÁCTICO PARA A ESCOLA INFANTIL DE FONTIÑAS

| *CANTIDADE* | **AULA DE BEBÉS** *MATERIAL/ EQUIPAMIENTO* |
| --- | --- |
| 1 | Rodillo activity |
| 1 | Bola de actividades sensoriais |
| 1 | Ximini total |
| 1 | Guitarra para bebés |
| 1 | Xeokid Trix sinxelo |
| 1 | Lote de axouxeres |
| 1 | Tapíz puzzle |
| 1 | Xogo 3 arcos de estimulación |
| 1 | Conxunto minimales |
| 1 | Xogo 3 cabalgaduras |
| 2 | Xogos froitas |
| 1 | Piano pequeno |
| 1 | Xogos tres pezas musical |
| 1 | Pelota sons |
| 1 | Modulares |
| 3 | Bumbos |
| 1 | Conxunto 4 marionetas |
| 1 | Arrastre gusano |
| 1 | Teléfono máxico |
| 1 | Lote 6 peluches |
| 1 | Lote 5 telefonos axouxeres |
| 1 | Piano rá e amigos |
| 1 | Arrastre cempés |
| 1 | Arrastre patiño |
| 1 | Arrastre tartaruga |
| 1 | Wayne móbil |
| 1 | Casiña activity |
| 1 | Xogo bolos animaliños |
| 1 | Arrastre cocrodilo |
| 1 | Arrastre bolboreta |
| 1 | Volante ventosa |
| 1 | Martelo axouxere |
| 1 | Set sensorial |
| 1 | Tapiz gateado gato |
| 1 | Lote de 3 mobiles musicais |
| 1 | Mesa de xogos e sons |
| 1 | Lote de 8 contos de plástico |
| 1 | Lote de 6 contos tela |
| 1 | Gusaniño axouxere multicor |
| 1 | Polbo musical |



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

| | |
|---|---|
| 1 | Canciño nus con axouxere |
| 1 | Flor musical |
| 1 | Discovery lane |
| 1 | Arrastre dino |
| 1 | Gusaniño corredor |
| 1 | Can desmontable Alexander |
| 1 | Correpasillos |
| 1 | Carrusel flor sons |
| 2 | Xogos de torres |
| 2 | Xogos ensartar aros |
| 1 | Pelota cascabel brandiña tela |
| 1 | Lote musical mini pau chuvia, campana cascabel,.... |
| 1 | Piano bebés |
| 3 | Xogos de construcións encaixables |
| 1 | Conxunto 4 dados brandiños |
| 3 | Set formas brandiñas |
| 1 | Conxunto de bloques brandiños |
| 1 | Balón sennsorial grande |
| 4 | Mantuiñas actividades |
| 3 | Alfombras bebés |
| 1 | Tapiz puzzle gateo 9 pezas |

**AULA 1-2**

| ***CANTIDADE*** | ***MATERIAL/ EQUIPAMIENTO*** |
|---|---|
| 1 | Cociña descubrimentos |
| 1 | Taller descubrimentos |
| 1 | Construción Kin Buny |
| 1 | Cadea de animaliños |
| 1 | Banco de bolas |
| 1 | Xogo de 3 arcos estimulación |
| 1 | Modulo de manualidades |
| 2 | Formas e cores |
| 1 | Moto correpasillos |
| 1 | Puzzle descubrimento chico-chica |
| 1 | Raniña peonza |
| 1 | Teléfono móbil |
| 1 | Volante ventosa |
| 1 | Cubo multiactividades |
| 1 | Pasador mazá |

| | |
| --- | --- |
| 1 | Apilable osiño |
| 1 | Túnel gateo 180x48 |
| 1 | Rosca vertical 4 formas |
| 1 | Encaixe grandes formas |
| 1 | Bote animais mariños |
| 1 | Bote animais granxa |
| 1 | Bote animais salvaxes |
| 1 | Correpasillos Locopousse |
| 1 | Xogo asociación tacto |
| 1 | Piano maxi |
| 1 | Cubo formas brando |
| 1 | Xogo cadeas cores |
| 1 | Arrastre tirador dino |
| 1 | Lote encaixe variados |
| 1 | Set marionetas |
| 2 | Boneco pelón |
| 3 | Teléfono de botóns |
| 1 | Surtido comida rápida |
| 2 | Xogo comedor |
| 2 | Xogo 5 utensilios |
| 1 | Sons mascotas SM |

**AULA 2-3 (B)**

| ***CANTIDADE*** | ***MATERIAL/ EQUIPAMIENTO*** |
| --- | --- |
| 1 | Encaixable de figuras xeométricas |
| 1 | Ladrillos grandes |
| 1 | Bobina de cordóns |
| 1 | Colortubos |
| 1 | Mariquiña parafusar |
| 1 | Gran manipuloo |
| 1 | Os 2 amigos |
| 1 | Encaixe ABC |
| 1 | Encaixe elefantes |
| 1 | Os coellos |
| 1 | Versocor |
| 1 | Maxidomino animais |
| 1 | Maxiloto Cores |
| 1 | Maxilotos animais |
| 1 | Banco de traballo |
| 1 | Maletín médico |
| 1 | Recolledor e vasoira |
| 1 | Cubo e fregona |
| 1 | Conxunto de instrumentos musicais |
| 1 | Caixa de formas ensartables |
| 1 | Labirinto rodeo |
| 1 | Xogo de parafusos e torcas |

| | |
|---|---|
| 1 | Maletín perruquería |
| 1 | Lote diferentes alimentos |
| 1 | Xogo de comedor |
| 1 | Lote de xogos simbólicos |
| 1 | Lote animais |
| 1 | Lote contos, láminas e fotos |
| 1 | Lote material plástica |
| 10 | Bandexas apilables |
| 1 | Tatami 200x180x2 |
| 1 | Dominó tacto |
| 1 | Puzzle figuras xeométricas e cores |
| 1 | Memo loto |
| 1 | Loto sonoro ruídos cotiáns |
| 1 | Lote puzzles relacionar e asociar |
| 1 | Lote marionetas variadas |
| 1 | Bote ensartable mixto |
| 1 | Casiña de actividades |
| 1 | Carriño Bosch ferramentas |
| 1 | Lote de contos variados |
| 1 | Contedor con surtido de animais |
| 1 | Construción Clipo 75 pezas |
| 1 | Maletín Ferramentas |
| 1 | Lote 4 vehículos |
| 6 | Boneco étnico |
| 1 | Dado 5 actividades |
| 1 | Xogo comedor |
| 1 | Teléfono de botóns |
| 1 | Discos ensartables |
| 1 | Lote 4 puzzles de madeira |
| 1 | Cociña Grande |

**AULA 2-3 (A)**

| ***CANTIDADE*** | ***MATERIAL/ EQUIPAMIENTO*** |
|---|---|
| 1 | Panel señor cara |
| 1 | Contas xigantes |
| 1 | Primeiro garaxe |
| 2 | Balóns canguro |
| 1 | Maxiladrillos flexibles |
| 1 | Cordóns de Plum |
| 1 | Paiaso para enroscar |
| 1 | Encaixe ratos |
| 1 | Encaixe xirafas |
| 1 | As orugas |
| 1 | Animemo |
| 1 | Maxiloto das formas |
| 1 | Maxicoloredo |

| | |
|---|---|
| 1 | Encaixe pezas xeométricas |
| 1 | Gran loto de cores |
| 1 | 1,2,3 plum |
| 1 | Súper manipuloo |
| 1 | Banco de traballo |
| 1 | Maletín médico |
| 1 | Supermercado |
| 1 | Recolledor e vasoira |
| 1 | Cubo e fregona |
| 1 | Conxunto de instrumentos musicais |
| 1 | Teatro guiñol |
| 1 | Conxunto escaleira e rampa |
| 1 | Rulo terapia |
| 1 | Mesa balancín |
| 1 | Grupo de descanso |
| 1 | Cubo destreza manual |
| 1 | Puzzle xigante xeométrico |
| 1 | Mar de ondas 3 crestas |
| 1 | Casa pistacho |
| 1 | Labirinto paiaso |
| 1 | Taller de clasificación |
| 1 | Maxiloto de obxectos |
| 1 | Bote bolas grandes 35 mm |
| 1 | Pasador queixo |
| 1 | Móbiles torneado madeira |
| 1 | Encaixe formas básicas |
| 1 | Cempés música e luces |
| 1 | Construción Kin Buny 74 pezas |
| 2 | Tapiz puzzle Paviplay 2x2 |
| 1 | Tren colioríns |
| 1 | Xoguetero grande |
| 1 | Tumblerina tartaruga |
| 1 | porta puzzles |
| 1 | Reloxo xigante escolar |
| 1 | Cubiños apilables |
| 1 | Cilindros apilables |
| 1 | Apilable xigante |
| 1 | Xogo de bolos |
| 1 | Dominó de animais |
| 1 | Pelota cascabel 16 cm |
| 1 | Sillón baixo |
| 1 | Lote variado de 2 ensartables de pezas xeométricas |
| 1 | Ensartable infantil |
| 1 | Lote 8 marionetas variadas |
| 2 | Construcción clippo |
| 1 | Cesta pícnic |
| 1 | Bote comida rápida |

| | |
| --- | --- |
| 1 | Lote de 10 puzzles encaixables |
| 1 | Bote 30 vehículos |
| 1 | Cuna oso de madeira |
| 1 | Arquitectura infantil |
| 1 | Lote 8 contos |
| 1 | Boneco étnico |
| 3 | Teléfono de botóns |
| 1 | Cociña Grande |

**ESPAZOS COMÚNS**

| ***CANTIDADE*** | ***MATERIAL/ EQUIPAMIENTO*** |
| --- | --- |
| 9 | Triciclos |
| 3 | Correpasillos |
| 1 | Triple play túnel |
| 1 | Sensacións plantares |
| 1 | Recuncho de actividades |
| 1 | Tapiz paviplay azul 2x2 |
| 1 | Recinto de xogos |
| 1 | Moto todoterreo |
| 1 | Cabaliño con rodas |
| 2 | Motos correpasillos |
| 2 | Coches con pedais |
| 1 | Modulo psicomotricidade |
| 1 | Accesorios psicomotricidade |
| 1 | Xogo puntería baby |
| 1 | Balancín balea sube baixa |
| 2 | Andador go crow |
| 75 | Identificadores para escolares |

**PATIO EXTERIOR**

| ***CANTIDADE*** | ***MATERIAL/ EQUIPAMIENTO*** |
| --- | --- |
| *1* | *Mesa para xogos auga-area* |
| *1* | *Casa de xogos con sons interactivos* |
| *1* | *Balancín* |
| *6* | *Palas reforzadas* |
| *6* | *Cubos reforzados* |
| *6* | *Rastrillos reforzados* |
| 6 | Set de xardinería (regadeira con paleta e rastrillo) |
| *3* | *Carretillas* |
| *1* | *Pack moldes surtidos area* |
| *1* | *Ximnasio dobre* |
| *1* | *Champiñón* |
| *1* | *Cabaña de troncos* |
| *50* | *$m^2$ de pavimento amortiguador* |



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org